


Situación: San Pedro de Lantaño

Ruta Naturocio



Zona de baño e área acondicionada para o lecer, que se estende ó longo de 170 metros xunto ó río Umia. A praia propiamente dita orixínase pola acción xeomorfolóxica das augas que depositan parte da súa carga sedimentaria (fundamentalmente areas e gravas) nunha beira mentres que a oposta experimenta procesos erosivos máis intensos. Esta dinámica de erosión, transporte e sedimentación repítese en toda a ribeira dando como resultado unha gran variedade de ambientes, cada un coas súas comunidades vexetais características. En determinados sectores da canle enraízan plantas acuáticas, flotantes ou somerxidas, como as lentellas de auga e os ranúnculos; nas marxes moi húmidas aparecen os xuncos, espadanas, pallas reais e dentabrús; e xa nos espazos máis estables, pero sempre preto da corrente ou en contacto con ela, os salgueiros, ameneiros e freixos, árbores e arbustos típicos das ribeiras.

Zona de baño y área acondicionada para el ocio y esparcimiento, que se extiende a lo largo de 170 metros junto al río Umia. La playa propiamente dicha se origina por la acción geomorfológica de las aguas que depositan parte de su carga sedimentaria (fundamentalmente arenas y gravas) en una orilla mientras que la opuesta experimenta procesos erosivos más intensos. Esta dinámica de erosión, transporte y sedimentación se repite en toda la ribera dando como resultado una gran variedad de ambientes, cada uno con sus comunidades vegetales características. En determinados sectores del cauce enraízan plantas acuáticas, flotantes o sumergidas, como las lentejas de agua y los ranúnculos; en los márgenes muy húmedos aparecen los juncos, lirios, espadañas y helechos reales; y ya en espacios más estables, pero siempre cerca de la corriente o en contacto con ella, los sauces, alisos y fresnos, árboles y arbustos típicos de ribera

The riverside beach

An area for leisure and swimming that runs for 170 metres along the right bank of the River Umia. The beach itself is the result of the river depositing sediment (basically sand and gravel) on one side of the river whilst the other is eroded away more swiftly. This process of erosion, transport and sedimentation is repeated along the whole length of the riverbank, resulting in a wide variety of environments, each with its characteristic plant species. In certain areas of the river bed floating or submerged water plants such as duckweed or water-crowfoot put down their roots, whilst rushes, yellow flags, bulrushes and royal fern line the riverbank close to the water's edge. Slightly further away, but still close to the water or in contact with it, we find willows, alders and ash trees amongst other typical riverside species of trees and plants.

Superficie: 5600m²

Distancias: Rapeira-Portas 4,5Km; Caldas de Reis 5,5Km

Superficie: 5600m²

Distancias: Rapeira-Portas 4,5Km; Caldas de Reis 5,5Km

Surface area: 5.600 sq. m.

Distance: Rapeira-Portas: 4.5 km; Caldas de Reis: 5.5 km